



MUSEO DO VIDEOXOGO (MUVI)

Jacobo Martínez, Galo Martínez

O xerme do Museo do Videoxogo xurdiu en 2008 coa iniciativa “Barité Museo”, levada a cabo por Jacobo e Galo Martínez e co fin de experimentar e preservar unha pequena colección persoal de videoxogos e consolas, reunida ao longo de varias décadas e froito da curiosidade pola experimentación. Esta colección foi incrementando os seus fondos de xeito progresivo, ao tempo que levaba a cabo algunhas colaboracións e pequenas actividades empresariais e culturais. Finalmente, e tras case unha década de traballo no proxecto, o 2 de febreiro de 2019 este consolídase no nacemento do MUVI, con sede no número 10 da rúa Andalucía de Cangas, no local de Trebella.

O 2 de marzo de 2020, pouco máis dun ano despois, créase a Fundación Museo do Videoxogo de Galicia e constitúese o seu padroado. Esta será a primeira fundación en España dedicada exclusivamente ao videoxogo, e é declarada como Fundación de Interese Galego pola Secretaría Xeral da Consellería de Cultura e Turismo o 20 de xullo dese mesmo ano.

Pese ás dificultades dos períodos de confinamento por mor da pandemia, o museo acada o obxectivo de ter aperturas regulares todos os sábados desde novembro de 2021, e cara á segunda metade de 2022 nace o novo Museo do Videoxogo, xa na súa sede actual, o número 2 da rúa de Aragón, co apoio do Concello de Cangas e diversas empresas e asociacións galegas.

O MUVI e a súa fundación naceron con obxectivos que miran moito máis aló de xestionar un museo visitable: a intencionalidade de constituír unha entidade independente e eminentemente galega desde a que reivindicar o videoxogo como unha forma de expresión artística e cultural, e unha ferramenta educativa, poñendo en valor a dimensión lúdica e creativa do ser humano desde a transversalidade, a contextualizarían e a rigorosidade histórica.

Así, desenvólense unha serie de proxectos permanentes arredor do videoxogo observado como medio de grande alcance e impacto social e coa misión de avanzar neses obxectivos a través de diversos eidos culturais, técnicos e científicos: desde a preservación e interpretación da historia deste medio en Galicia ata a divulgación didáctica sobre os usos saudables do videoxogo, pasando pola investigación en materia de preservación de dispositivos de *hardware* ou as interaccións do videoxogo con outros medios culturais.

O Museo do Videoxogo é o cuartel xeral desde o que se desenvolven e no cal se centralizan moitos destes proxectos, a través de aperturas, eventos e obradoiros, utilizando a súa colección única de dispositivos e videoxogos en permanente revisión e crecemento. Trátase dun espazo de exposición e interacción acollido desde 2024 dentro do Sistema Galego de Centros Museísticos.

O MUVI continúa a realizar aperturas públicas todos os sábados, de 16.30 a 21.00 h, sempre dinamizadas con percorridos guiados e onde, ademais da entrada completa, se reserva sempre unha modalidade de acceso gratuíta para coñecer o museo e achegarse ás obras clave do desenvolvemento en Galicia, na sala O Videoxogo Galego.

Tamén durante os días de semana, e mediante reserva, grupos procedentes principalmente de centros de ensino e formación de toda Galicia visitan o MUVI para participaren nunha ampla gama de talleres, actividades didácticas e divulgativas vencelladas aos proxectos educativos e sobre o uso saudable do videoxogo que desenvolve a fundación.



Fig. 3. Vista parcial do espazo de exposición do novo MUVI inaugurado en 2022.



Fig. 1. Vista parcial do MUVI no local de Trebella, previa á apertura.



Fig. 4. Espazo de experimentación durante a visita guiada nunha apertura en 2025.



Fig. 2. Os cofundadores, Jacobo e Galo Martínez (de esquerda a dereita) nos primeiros tempos do MUVI.



Fig. 5. O MUVI conta coa reprodución dun salón arcade con dispositivos dos anos 90 desde xuño de 2024.



Fig. 6. Vista exterior da sala O Videoxogo Galego durante unha visita.